

**ACTA DO TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A COBERTURA, POR SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, DE UNHA PRAZA DE OPERARIO (9038), GRUPO V, INCLUÍDA NA OEP 2021 DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL, PUBLICADA NO BOP DE A CORUÑA DE 22 DE FEBREIRO DE 2023.**

**PERSOAS ASISTENTES:**

Presidencia: D. Luís Fole Barreiro

Secretaría: D. Fernando Adolfo de Abel Vilela

Vogais: D. Ramón Vereá Castelo, D. Jesús Rúa Taboada, Dna. María José Lage Vázquez. D. Luís González Guerra.

Sendo as 10,30 horas do día 29 de xullo de 2024, reúnese presencialmente o Tribunal na Casa do Concello de Arzúa, a fin de proceder a executar a fase de concurso (valoración de méritos) do proceso selectivo referido consonte ao disposto na base 11.1 das que o rexen, que dispón o que segue:

**A valoración dos méritos axustarase aos seguintes criterios:**

**Méritos profesionais: 36 puntos**

**-Servizos prestados como operario; ou ben realizando funcións propias dese posto a teor do especificado na base segunda, na entidade local convocante: 0,42 puntos por mes completo.**

**- Servizos prestados como operario; ou ben realizando funcións propias dese posto a teor do especificado na base segunda, noutras Administracións Públicas (distintas da entidade local convocante): 0,14 puntos por mes completo.**

**- Servizos prestados como operario; ou ben realizando funcións propias dese posto a teor do especificado na base segunda, no resto do sector público: 0,03 puntos por mes completo.**

**Os servizos prestados a tempo parcial computaranse de forma proporcional aos prestados a xornada completa.**

**A acreditación dos servizos prestados como operario, deberá efectuarse mediante a presentación dos correspondentes contratos de traballo xunto co informe de vida laboral; ou mediante a certificación expedida pola entidade na que se prestaron os servizos indicando a duración total (ou os períodos de duración) dos servizos prestados como operario.**

**A acreditación dos servizos prestados realizando funcións propias do posto a teor do especificado na base segunda, deberá**

**efectuarse mediante certificación expedida pola entidade na que se prestaron os servizos identificando as funcións realizadas e indicando a duración total (ou os períodos de duración) dos servizos prestados realizando as devanditas funcións**

**Outros méritos: 4 puntos.**

**Formación e capacitacións profesionais:**

**Valoraranse a realización de cursos e xornadas homologados polas diferentes Administracións Públicas, ou outras entidades do sector público, ou os realizados no ámbito da formación para o emprego ou os acordos da formación continua cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias da praza obxecto da convocatoria sempre que os cursos/xornadas foran impartidos por unha Administración Pública, un Centro Oficial de Formación ou unha Institución homologada para impartir formación profesional continua.**

**Se valorarán estes méritos a razón de 0,20 puntos por hora de duración.**

Examinados individualmente os méritos alegados polos aspirantes, a puntuación que a cada un dos mesmos se lle asigna nesta fase de concurso en aplicación do disposto na base antes transcrita é a seguinte:

<b>APELIDOS E NOME</b>	<b>DNI</b>	<b>MÉRITOS PROFESIONAIS</b>	<b>FORMACIÓN E CAPACITACIÓN PROFESIONAL</b>	<b>TOTAL</b>
Javier Valiño López	***2741**	36	4	40
Francisco Javier Torres Porto	***4226**	0	4	4

Consonte ao disposto na base 11.1 das que regulan o presente proceso selectivo, a listaxe provisional coa baremación de méritos publicarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Arzúa. Contra o resultado de dita baremación poderán os aspirantes presentar reclamacións nun prazo de tres días hábiles. Ditas reclamacións serán resoltas polo Tribunal na listaxe definitiva que se publicará igualmente no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello. A listaxe provisional quedará convertida en listaxe definitiva no caso de non haber reclamacións.

Sen mais asuntos que tratar, levántase a sesión sendo as 11,00 horas da data sinalada no principio da presente acta.